

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 77

ano 13

xullo-agosto 2018

A Segunda República en Ourense (IV) **LUIS ESPADA GUNTÍN: DE MONÁRQUICO A CEDISTA**



Outubro de 1933. Esa é a data correspondente á carta enviada por Carlos **Taboada Tundidor**, líder de *Acción Popular* (AP) de Ourense, a Luís **Espada Guntín**, experimentado político conservador da provincia. Na misiva, que dá pé a este número de *Fronda*, Carlos Taboada contacta con Espada Guntín a fin de coñecer as súas opinións e consellos respecto á formación de AP no territorio ourensán durante a **Segunda República** (1931-1936).

Acción Popular, nada un mes antes, sucedeu como partido político a **Acción Ciudadana Gallega** (ACG), plataforma fundada dous anos atrás polo **Círculo Católico** de Ourense. A súa fin era desenvolver unha formación política capaz de aglutinar o electorado católico da cidade para as eleccións de novembro de 1933. AP ligouse á *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), liderada por José María **Gil Robles**, quen é mencionado na carta entre os dous políticos ourensáns. O contacto directo entre Carlos Taboada e Gil Robles foi vital para o desenvolvemento de AP en Ourense como se viu no número 75 de *Fronda*. Carlos Taboada menciona a forte influencia do monárquico José **Calvo Sotelo** na política ourensá, malia

estar exiliado en Francia dende 1931 por ser un dos piares políticos da ditadura militar de Primo de Rivera (1923-1930). Non regresou até 1934.

O peso e o papel dos **calvosotelistas**, malia o crecemento de AP, sempre foi maior na política da provincia ourensá durante a fin da Segunda República. Carlos Taboada Tundidor, coñecedor desta situación, pretendeu crear un partido político forte non só na cidade, onde os mecanismos e as influencias calvosotelistas tiñan unha menor forza, senón en toda a provincia; de aí o seu interese en contar coa figura de Espada Guntín.

Na carta, consúltalle se sería viable unha delegación do partido en Verín, xa que Luís Espada foi deputado polo **distrito do Támega** por máis de vinte anos, durante o reinado de Afonso XIII, e mantíña unha importante **influencia** na comarca.

1933, outubro [S. I.]

Carta de Carlos Taboada Tundidor a Luis Espada Guntín comunicándolle que remitiu a Gil Robles unha copia das súas conversacións sobre Acción Popular.

Papel, escritura humanística; castelán; 15,2 x 21,2 cm.
AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/38 (30).

Luis Espada Guntín

Nado o 4 de decembro de 1858, na cidade de Ourense, Luís Espada Guntín tivo unha dilatada carreira política. Doutorado en Dereito, en 1880 inicia os seus contactos coa vida institucional. Sendo letrado do Ministerio de Graza e Xustiza, comezou a formar parte do **Partido Conservador**. Despois foi pasante no bufete de avogados do xornalista e político Saturnino **Álvarez Bugallal**, momento no que conseguiu a acta de deputado por Ourense en 1884, grazas á influencia do anterior. Posteriormente, en 1891, saíu elixido por Verín ata 1893. E, dende 1896 ata 1923, sempre foi deputado por ese distrito nas eleccións monárquicas. O seu pai, José Espada Novoa, tamén fora deputado por Ourense nos anos finais do reinado de Isabel II (1864-1865).

Os seus cargos políticos foron aumentando en importancia cos anos. **Gobernador Civil** de Ciudad Real e Toledo (1891), foi designado **vicepresidente do Congreso dos Deputados** por dúas veces (1905 e 1914). Mais o cumio da súa carreira chegou cando foi nomeado **ministro de Fomento** en dúas ocasións (1915 e 1920-1921). Tamén foi **ministro de Instrución Pública e Belas Artes** nos meses centrais de 1920.

O seu derradeiro cargo relevante durante o reinado de Afonso XIII foi o de **presidente do Tribunal de Contas**. Nomeado en 1923, foi destituído do cargo co inicio da ditadura militar de Primo de Rivera, en setembro dese mesmo ano, mais foi restituído no cargo tras a caída dese réxime.

Coa chegada da **Segunda República**, en 1931, Luís Espada Guntín mantívose no lado conservador. Nas eleccións de novembro de 1933, presentouse como independente por Ourense, mais non obtivo o escano. A partir dese momento pasa a relacionarse con AP. A súa experiencia política xogará a favor da formación cedista, sobre todo a nivel provincial.

Deputado por Acción Popular


En 1935, coa morte de Carlos **Taboada Tundidor**, principal valedor de Espada Guntín, este comeza a ter un papel máis relevante dentro do partido dereitista. Elixido como o número un das listas de **Acción Popular** presentadas para as eleccións lexislativas de febreiro de 1936, obtivo un dos tres escanos que gañou AP na provincia. Foi o mellor resultado da CEDA en Ourense, grazas, principalmente, a que formou parte da coalición electoral do **Bloque Nacional**, xunto con **Renovación Española** (RE) e os tradicionalistas.

Tras a morte de Carlos Taboada Tundidor, AP distanciouse da CEDA, debido ás decisións tomadas dende a directiva nacional na elección dos candidatos a deputados en 1936, nas que só Espada Guntín contou co apoio das **Juventudes de Acción Popular** (JAP) da provincia. Foi o terceiro candidato máis votado da coalición electoral, por riba incluso de **Calvo Sotelo**, obtendo os mellores resultados nos distritos de Ourense,

Verín, Ribadavia, O Barco de Valdeorras e Viana do Bolo. Morreu en Madrid en 1937.

A correspondencia entre Espada Guntín e Taboada Tundidor

A correspondencia entre o deputado de AP e Luís Espada Guntín foi abundante durante toda a Segunda República. Estas misivas atópanse no fondo *Carlos Taboada Tundidor* do AHPOu, grazas á doazón do mesmo polos seus herdeiros en 2011.



Carta de Luis Espada Guntín a Carlos Taboada Tundidor expresándolle o seu pésame polo falecemento do seu pai en 1933. AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/38 (50).

A primeira das misivas enviadas polos dous prolíficos políticos ourensáns dátase en febreiro de 1931, na cal Carlos Taboada quíxase do trato recibido polo Partido Conservador. Desde ese intre, máis de cincuenta misivas, conservadas nos fondos deste arquivo, serían cursadas entre ambos até o 18 de outubro de 1934; e, como a primeira, foi enviada polo líder de AP en Ourense. Nela, comenta os posibles movementos do PRR nos concellos da provincia nese antepenúltimo mes de 1934.